

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DO PROCEDEMENTO
DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO
CONCELLO DE CANGAS*

Expediente número: 1000/2018

APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de maio de 2018, acordou aprobar o expediente de adxudicación de espazos do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, segundo o establecido nas “Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do viveiro de empresas de servizos” que constan no expediente nº 1000/2018.

De conformidade co disposto na base oitava das citadas bases, as persoas interesadas en optar a un espazo no Viveiro de Empresas de Servizos presentarán as súas proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Cangas, sito na Avda. Castelao nº2 de Cangas, en horario de luns a venres, de 9.30 a 14.00 horas, ou nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 30 días naturais contados desde o seguinte ao publicación do correspondente anuncio de licitación nos seguintes medios: Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, taboleiro de anuncios do Concello de Cangas e páxina web do Concello de Cangas (www.cangas.gal).

As “Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do viveiro de empresas de servizos”, estarán a disposición das persoas interesadas asemade, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Cangas, a 24 de maio de 2018.

O alcalde-presidente
Xosé Manuel Pazos Varela

